



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O pasado día 3 de maio, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, avanzou que nas vindeiras semanas se poría en marcha, desde a Axencia Galega de Innovación (GAIN), o **Programa Principia**. Esta iniciativa ten como obxectivo a **contratación de profesionais cualificados** por parte das empresas e organismos de investigación con centro de traballo en Galicia.

A convocatoria de axudas do Programa Principia vai, polo tanto, dirixida tanto a **empresas como a organismos públicos e privados de investigación**, que propoñan a contratación, por un período mínimo dun ano, de titulados medios ou superiores, menores de 35 anos, e sen experiencia laboral superior a 12 meses na súa mesma categoría profesional.

Cada un dos contratos enmarcados neste programa **estará incentivado con 10.000 euros**, coa intención de que este estímulo inicial, proporcionado con fondos públicos, se consolide posteriormente en **contratacións estables de alto valor engadido**, favorecendo a posta en marcha de actividades de investigación, desenvolvemento e innovación e o aumento da competitividade das nosas empresas e centros de coñecemento.

As entidades e titulados universitarios interesados poden acceder xa á información sobre o programa na web www.principia.gal. Ademais, GAIN organizará, como é habitual **talleres e charlas informativas** nos que se exporá o funcionamento e contido da convocatoria de axudas. Nos próximos días informaremos sobre as datas e lugares de celebración.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.